



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO NO CURSO ESCOLAR 2012-2013

Diario Oficial de Galicia, venres 1 de xuño de 2012.

ORDE do 30 de maio de 2012 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sotidos con fondos públicos, no curso escolar 2012/2013.

- As axudas para a compra de libros de texto e material escolar, están **dirixidas ao alumnado de educación primaria**, educación secundaria obrigatoria e educación especial. Queda excluído das axudas o alumnado repetidor, agás os de 1º e 2º de educación primaria.
- As axudas serán de 170 € para familias cunha renda per cápita ata 5.400 €. Para as familias con renda per cápita entre 5.400 e 9.000 € as axudas serán de 90 €.
- No caso das familias monoparentais, 170 € para aquelas con renda per cápita ata 6.000 €, e 90 € para as de renda per cápita entre 6.000 e 9.000 €.
- Para o cálculo da renda per cápita, agregaranse as rendas de cada un dos membros da familia que obteñan ingresos (súmanse os recadros 455 e 465 da declaración do IRPF), tendo en conta o exercicio fiscal de 2010, dividindo a renda resultante entre o número de membros computables da unidade familiar (pai, nai alumno e irmáns). A estes efectos, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- O **prazo de presentación** de instancias para o alumnado de educación primaria e educación especial é **do 2 de xuño ao 2 de xullo de 2012**, ambos inclusive.
- **As instancias** (ANEXO I da ORDE) **poden obterse no centro**, na xefatura territorial da Consellería de Educación e O.U. e no portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>.
- **Xunto coa solícitude deberase entregar:**
 - Orixinal e copia do libro de familia, onde figuren todos os membros da unidade familiar.
 - No caso de discapacidade do alumno ou alumna solicitante ou membro da unidade familiar, deberán presentar a certificación que o acredite.
 - O alumnado de educación especial unicamente deberá presentar a solícitude de axuda.
 - Nos casos de: separación ou divorcio e violencia de xénero, consulten na secretaría do centro.
- **O centro tramitará as solícitudes** dentro dos prazos establecidos na ORDE; unha vez estea introducida a solícitude, xerárase un vale por cada alumno ou alumna beneficiario.
- **O centro entregará os vales** ás familias, **do 12 ao 16 de xullo**, ambos inclusive, con eles poderán adquirir os libros e material escolar no correspondente establecemento.
- Unha vez entregados os materiais, os establecementos presentarán as facturas na Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para que lles sexan ingresados os importes correspondentes aos vales tramitados.



Betanzos, 4 de xuño de 2012.
O equipo directivo